

Mércores, 7 de febreiro de 2024

Núm. 27

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Persoal, oposicións*APROBACIÓN MODIFICACIÓN BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA NA CATEGORÍA
DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR**ANUNCIO*

Por Resolución da Alcaldía 2024-0033, de data 11/01/2024, aprobouse a modificación das Bases Específicas e a Convocatoria para a confección de listas de contratacións como persoal laboral temporal e nomeamentos como persoal funcionario interino para as categorías de Auxiliar Administrativo, Auxiliar de Axuda no Fogar, Oficial de 1ª (Albanel) e Técnico de Educación Infantil, aprobadas por Decreto da Alcaldía 2023-251, de 23/10/2023 no senso de engadir no punto 2.- Requisitos, un punto e) Estar en posesión do permiso de conducción (B) para a categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar.

En base ao anterior, ábrese un novo prazo de 20 días hábiles, a contar dende o seguinte á data da publicación do anuncio da modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de instancias na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar, coa modificación establecida no parágrafo anterior.

As persoas que xa tiveran presentado a documentación para dita categoría no proceso anterior e cumpran todos os requisitos co engadido desta modificación non estarán obrigados a presentar a documentación de novo, así como aqueles aos que só lles faltase aportar o permiso de conducción poderán facelo sen necesidade de volver a presentar a documentación xa presentada no proceso anterior.

As bases e a modificación estarán publicadas íntegras na páxina web municipal <https://pontareas.gal> e no taboleiro de edictos electrónico.

Pontareas, documento asinado electronicamente.

A Alcaldesa-Presidenta,

Mª Nava Castro Domínguez.

